

Concurso de méritos para a seleccionar e nomear
as dirección dos centros docentes públicos

Convocatoria de 2008

(Orde do 4 de febreiro de 2008)

Proxecto de dirección

Centro: IES "Lamas de Castelo", Carnota

Candidato: Francisco José Calvo Rua

O presente proxecto enuncia os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación da candidatura de Francisco José Calvo Rúa para a dirección do IES “Lamas de Castelo” de Carnota no período 2008/2012.

No 2008 cúmprense 10 anos desde a creación deste instituto, un fito que nos fai recordar os logros acadados durante esta década, a incidencia educativa que tivo no concello e a consolidación deste centro de ensino secundario. Quérome comprometer a encetar esta segunda década coa ilusión de contribuír a superar o nivel de calidade acadado.

O compromiso que se pode observar no profesorado por lograr un ensino de boa calidade e por realizar actividades variadas, innovadoras e motivadoras e o interese por lograr o progreso académico e persoal do alumnado van, de seguro, permitir acadar un nivel de excelencia máis alto, que é finalmente o obxectivo dun centro educativo.

Nestes tempos, o noso sistema educativo comeza a se encamiñar cara a un novo tipo de escola, cuxa finalidade esencial será educar para a convivencia individual e social e para que o alumnado adquira as competencias necesarias para se converteren en cidadás e cidadáns responsables.

Así mesmo, da man da innovación tecnolóxica estamos a recibir ferramentas novas que nos posibilitan acceder ao coñecemento e organizar o noso traballo de maneiras innovadoras. A incorporación destas tecnoloxías á docencia e á aprendizaxe é unha das necesidades máis inmediatas na xestión dos centros educativos.

Os puntos de partida deste proxecto son, en concreto, os tres anos anteriores na dirección deste centro, os obxectivos propostos no proxecto elaborado para acceder a ela e que non se deron cumprido, os logros inesperados que se produciron e os cambios experimentados nestes tres anos. Motívame a preocupación e o interese polo bon funcionamento do centro e a posibilidade de impulsar medidas que o melloren.

A tarefa directiva require tres capacidades básicas, como son a organización, a coordinación e a resolución de conflitos, que dependen en boa medida da planificación. A planificación debe marcar uns obxectivos a cumprir que abarquen os ámbitos de actuación pedagóxico, de convivencia e organizativo. Este proxecto enuncia estes obxectivos, as liñas de actuación previstas e a súa avaliación.

Índice

1 Obxectivos xerais	3	Principios educativos e organizativos. Liña educativa	12
2 Liñas de actuación	4	O alumnado	
Instalacións e equipamento	4	Responsabilidade	
A biblioteca		Atención individualizada	
As aulas de materia		Representatividade e asociacionismo	
O ximnasio		Actividades complementarias e	
O contorno		extraescolares	
Outros espazos		A lingua	
Liña metodolóxica	6	Formación permanente do profesorado	
Acción tutorial		Actividades que merecerán unha atención especial	15
Atención á diversidade		A biblioteca e a animación á lectura	
Proxecto Educativo de Centro		A radio	
Educación e a formación para a igualdade		As novas tecnoloxías da información e a	
entre mulleres e homes		comunicación	
Gardas lectivas		O recreo	
A comunidade escolar	9	Administración e modelo de xestión	18
10º aniversario		3 Avaliación	19
As familias / A AMPA		4 Proxección temporal	20
Persoal non docente			
Relacións con primaria			
Relación con outras institucións			

1 Obxectivos xerais

- Manter o modelo de convivencia respectuosa e aberta que caracteriza o noso centro, aportando estratexias de prevención.
- Fomentar o aproveitamento pedagóxico de todos os recursos dispoñíbeis.
- Impulsar o traballo creativo, participativo e en equipo, comezando pola propia dirección.
- Aumentar a calidade do ensino que poidamos proporcionar, preocupándonos por alicerzar ben as destrezas instrumentais.
- Aumentar a calidade do ensino que poidamos proporcionar, tendente á formación integral e sen despreocupar as habilidades sociais e o desenvolvemento moral.
- Promover a educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes.
- Redactar, ou rematar de redactar, e aplicar e avaliar os novos plans e proxectos:
 - Proxecto lector de centro
 - Proxecto lingüístico de centro
 - Plan de incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación
 - Plan de convivencia.
- Aplicar o novo regulamento orgánico de centros.
- Implantar as medidas pendentes de aplicar da LOE, como o desenvolvemento dos novos currículos de 2º e 4º, a avaliación inicial, a de diagnóstico, Educación para a cidadanía, etc.
- Revisar o plan de auto-protección e actualizar o PEC.

2 Liñas de actuación

Instalacións e equipamento

A carencia de espazos, como un salón de actos ou o tamaño da biblioteca, continúa a ser unha das eivas do centro, pero este é un problema que non se pode resolver desde o centro. Coidar o que existe e aproveitalo, si.

A biblioteca

O impulso que se lle está dando ao uso da biblioteca vai requirir realizar un investimento en mobiliario e outros medios para adecuala, ademais, á función de centro de recursos non só bibliográficos senón tamén multimedia. Haberá que substituír as mesas que aínda teñen taboleiro inclinado por outras planas, xa que aquelas resultan incómodas para traballar e estorban visualmente e á hora de reorganizalas. Hai que aumentar o número de ordenadores e colocalos noutro lugar para que non ocupen tanto espazo. Tamén haberá que aumentar o número de andeis para o material. A biblioteca debe ser un lugar agradábel, non un simple almacén de libros ou unha aula de estudo / mini-sala de proxeccións, polo que se tratará de mellorar este aspecto con máis espazos libres, *estores* nas xanelas, etc.. Como tamén ten esta función por falta dun local mellor, organizaremos os equipos de reprodución para que ocupen menos espazo.

As aulas de materia

Dotaranse todas as aulas con ordenador e canón e as de Música e Sociais con amplificador con altofalantes. Daráselle á aula de Francés un horario que permita o uso como segunda aula de informática, xa que nela se almacenan os portátiles. Dotaranse de máis vitrinas para acoller bibliotecas de aula.

O ximnasio

O chan do ximnasio é de pouca calidade e está deteriorado desde pouco despois da edificación do centro. Avaliarase a posibilidade de substituílo por un adecuado. Dotarase con material deportivo, como mesas de ping-pong e pintarase.

O contorno

O patio, no que se instalou rego automatizado e actualmente se está a sementar herba, será obxecto de coidado especial, xa que é un espazo moi visíbel. Tense que converter nun lugar máis agradábel, para o que hai que manter a herba, mantelo limpo e plantar árbores. O mantemento contratarase cunha empresa e a limpeza será o obxecto de actividades específicas de concienciación co alumnado; de feito, aproveitarase a estación meteorolóxica instalada grazas ao proxecto

Climántica para contribuír a concienciar no coidado do ambiente. As árbores plantadas até agora non prenderon, debido posibelmente a que o terreo non é moi propicio.

O xardín frontal será obxecto dun adecentamento, xa que non se coidou como debía durante estes anos. Hai que reparar tamén algunha tubo do sistema de rego que está estropiado e, posibelmente, plantar árbores.

Parte do coidado do contorno implica a redución do consumo enerxético, vixiando, por exemplo, que non permanezan acesas luces innecesariamente, que non se malgaste o calor da calefacción ou a auga do rego. Plantexarase a posibilidade de instalar paneis solares – non necesariamente como medida para reducir o gasto senón como aportación educativa.

Outros espazos

Liberarase a conserxaría de material para facela un espazo máis amplo, pois é moi pequena e cando conflúen nela varias persoas resulta incómodo.

Os desperfectos repararanse o máis rapidamente posíbel. As paredes das aulas pintaranse todos os anos; noutros espazos empregarase pintura de cor, pois resulta máis agradábel visualmente. Tamén se decorarán algunhas paredes con murais como o que se fixo o ano pasado no ximnasio.

Instalaranse portas antipánico nas saídas de emerxencia e rotularase adecuadamente todo o edificio.

Liña metodolóxica

Téñense detectado certas necesidades educativas xerais que reflicten o carácter específico do noso contorno. Considero importante que tanto estas, como outras individuais (que son máis chamativas) deben ser afrontadas o máis cedo posíbel. Con tal motivo instruírse ao departamento de Orientación para que obteña a información precisa dos informes dos centros adscritos e das visitas que lles faga e extremarase a colaboración da dirección con eles.

Establecerase un plan de acollida específico do noso centro que reflicta as actuacións que se deban levar a cabo e que teña en conta a procedencia do noso alumnado.

Fomentarase que departamento de orientación e os titores convoquen reunións do equipo docente dun grupo en calquer momento do curso para tratar casos individuais de alumnos que precisen que se tome algunha medida de atención. Témonos lamentado moitas veces nas reunións de avaliación de non lle ter botado unha man antes a algun/ha e penso que esta medida, máis dinámica, facilitará a avaliación de necesidades educativas e a aplicación de medidas apropiadas.

Acción tutorial

Case todas as orientadoras que traballaron no noso centro estiveron só durante un curso. Esta é unha situación desafortunada, xa que este posto require un coñecemento especial do contexto (familias, alumnado, centros adscritos, posibilidades educativas e laborais da comarca, etc.), ademais de dificultar a elaboración de programas de intervención a longo prazo.

Pretendo que nos nosos planos de acción tutorial se contemple que o traballo a realizar nas titorías sexa coherente e coordinado. Será sempre máis efectivo se as actividades teñen unha planificación e seguimento e non se repiten ano tras ano. Potenciarei que se elaboren materiais propios e se compartan actividades e experiencias de maneira que as horas de titoría cumpran as súas funcións de complementar e redondear a formación xeral e a específica das distintas áreas.

A tal fin, analizaremos a eficacia da hora de coordinación de titores que estamos a ensaiar durante este curso e veremos se resulta efectiva para continuar con ela ou procurar outro mecanismo semellante.

Tamén se avaliará a eficacia de facer coincidir as horas de titoría de todos os grupos e manterase esta estratexia se se considera oportuno.

Atención á diversidade

Ao nos fixarmos nalgúns características de sistemas educativos máis exitosos que o noso, observamos que a atención á diversidade constitúe neles un dos piares da actuación docente. O noso obxectivo debe ser acadar a mellor formación posíbel para *todo* o alumnado e para iso a atención individualiza é o camiño.

A detección temperá de problemas de aprendizaxe é fundamental e para iso o mellor é aumentar os contactos cos dous colexios adscritos ao noso centro, consensuando procedementos comúns que nos permitan dispor de información eficaz a tempo. Tamén habería que establecer un protocolo de recepción de alumnado doutros centros.

Para afrontar máis adecuadamente a atención á diversidade cómpre realizar un labor intenso de coordinación entre o profesorado. É preciso contribuír a que o profesorado de área, o de pedagogía terapéutica e o dos agrupamentos específicos poidan establecer estratexias de traballo conxuntas para tratar cada caso individual de maneira que as aprendizaxes sexan máis efectivas, logrando que as actividades de apoio e as da aula ordinaria estean máis ligadas.

As adaptacións curriculares individualizadas deberían ser o máis realistas posibles e habería que levalas a cabo canto antes para que sexan efectivas. O mesmo cos programas de diversificación curricular.

O alumnado con materias pendentes debe recibir maior atención. Hai que reforzar o papel da titoría de pendentes, mellorar a coordinación co departamento de Orientación e cos departamentos didácticos, animar á creación de materiais específicos e crear un espazo na páxina web do instituto co calendario, consellos e materiais. Cómpre elaborar un sistema unificado de recuperación.

Por outra banda, nunca lle temos prestado atención á posible existencia de alumnado con alta capacidade co que, de telos tido, perdemos a oportunidade de favorecer os seus posibles. Dado que se estima que un 2% da poboación pode ter altas capacidades, creo que será bon tentar detectalos e ofrecerlles un ensino do que se poidan beneficiar máis.

Proxecto Educativo de Centro

O PEC actual ten oito anos e convirá revisalo proximamente: dunha parte, ao regulamento de rexime interior fóronselle engadindo resolucións e haberá que reorganizar algúns apartados para que resulte máis claro e se actualice. Non constan tampouco elementos tan distintivos do noso centro como as aulas de materia. Doutra, o título dedicado á liña metodolóxica-pedagóxica do centro non está desenvolto realmente, polo que haberá que preguntarse as razóns e reformulalo, se é o caso. Finalmente, convirá actualizar o título dedicado a examinar o noso contorno, pois algúns datos socio-económicos teñen xa unha década.

Educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes

Velarase para que para que nas programacións didácticas, así como no resto de actividades organizadas polo centro non se inclúan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Daráselle especial importancia ao enriquecemento dos currículos coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

Facilitaráselle ao alumnado a adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

Fomentaranse as vocacións femininas e masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas respectivamente, buscando evitar as decisións académicas ou profesionais derivadas de prexuizos.

Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquer ámbito da vida.

Non se permitirá ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. No regulamento interno do centro explicitaranse medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

Gardas lectivas

Unha característica do noso centro é que as ausencias do profesorado, que se cobren con gardas, non supoñen unha perda de horas lectivas para o alumnado, xa que o profesorado ten a conciencia de preparar material para as ausencias imprevistas e de ter outro preparado para as imprevistas. Cada ano hai que explicar isto ao profesorado novo e, no caso das imprevistas, coidar de que existan materiais sempre. Durante este curso acordouse un procedemento para xestionar as ausencias, que hai que mirar de perfeccionar.

A comunidade escolar

10º aniversario

O IES Lamas de Castelo comezou a funcionar no curso 1998/99, polo que durante este ano cumprense 10 anos da súa creación. Deseñaranse actividades para celebralo, que poderían centrarse arredor do 23 de febreiro, data na que se ocupou o edificio (durante os meses precedentes utilizáronse as instalacións do CEIP de Carnota). Será unha ocasión para tentar reunir antigos alumnos e traballadores.

As familias / A AMPA

Existe unha asociación de mais e pais cunha afiliación que representa unha porcentaxe moi reducida das familias e actualmente está inactiva; mesmo durante este curso non designou representante para o consello escolar do centro. Convén promover o asociacionismo neste sentido pois significa implicar máis ás familias na educación dos seus fillos; a cooperación aberta coa asociación sería beneficiosa, pois permitiría especialmente que se desfagan malentendidos, serviría para transmitir inquietudes que o outro sector pode non perceber, podería funcionar para trasladar propostas de cooperación, etc. Ofreceríelles a posibilidade de utilizar a sección dedicada á AMPA na páxina web do instituto.

En diversas ocasións ten xurdido a idea de crear unha Escola de pais. Trataríase de aportar unha fonte de información máis ou menos permanente á que puidesen recorrer os pais que nalgún momento sentisen a necesidade de resolver algún problema específico cos seus fillos. Non ten funcionado, maiormente porque non existe unha poboación de suficiente tamaño que garanta unha asistencia adecuada ás actividades. O modelo, polo tanto, deberá cambiar e creo que unha maneira de replantexalo é mediante a oferta de ciclos de conferencias de catro ou cinco sesións vinculadas con temas específicos e cursos específicos. Pode ser algo como o ensaiado este ano co CEIP San Crimenzo do Pindo. Estes ciclos estarían organizados polo departamento de Orientación. Unha segunda idea sería a de adquirir libros con destino ao local que lles cedemos e para o seu uso. Tratarían a problemática dos adolescentes, pero non necesariamente ligada ao ensino, senón orientada ás relacións pais-fillos. Axudalos a que os coñezan mellor pode significar que os poidan axudar tamén mellor. Estes fondos seguirían pertencendo ao instituto aínda que os seus destinatarios sexan os pais e mais.

Actualmente hai dúas datas de referencia importantes no que se refire á relación do instituto coas familias. Unha é a xornada de recepción que se organiza nas primeiras semanas do curso; nela preséntase o profesorado de cada grupo e o/a titor/a introduce as características máis salientábeis do

novo curso e proporciona as informacións máis relevantes. É a primeira toma de contacto.

Outra xornada importante é a de portas abertas, que se celebra en data variábel durante o último trimestre. Nela, as mais, os pais, os irmáns pequenos, os amigos, poden visitar as instalacións ao completo -todas as portas están abertas- e coñecer o ambiente e os espazos nos que convivimos e aprendemos cada día, os materiais dos que facemos uso e algúns proxectos que se teñen elaborado. Durante este día tamén veñen os alumnos e alumnas de sexto de primaria dos colexios de Carnota e do Pindo, que serán os nosos no curso vindeiro. A organización da xornada pode ser distinta en cada edición.

Todos os anos deseñárase un caderno para as familias no que se recolla a información máis relevante sobre como funciona o instituto, que se aprende aquí e cais son as mellores maneiras de comunicarse co profesorado. Este caderno entregarase na reunión de presentación de comezos de curso. Xa se deseñou o primeiro para este curso e haberá que ilo actualizando cada ano. Podería ser interesante imprimilo en formato de caderno e facer que puidese servirles de fonte de referencia durante todo o ano. As fotocopias pérdense moi rápido, pero un caderniño ben editado e con información útil propicia que se lea con máis interese, ao tempo que transmite e pon de relevo o coidado que o instituto vai ter coa educación dos seus fillos.

Porén, a información pasará progresivamente a ter máis relevancia na páxina web do instituto, na que se colocarán avisos e unha sección específica con documentos redactados especificamente para o noso contexto sobre temas que suscitan dúbidas con frecuencia ou que resulta interesante que as familias coñezan relacionados co seu papel na formación do noso alumnado e a problemática da adolescencia.

Persoal non docente

Quero esforzarme por mellorar as relacións e o ambiente de traballo, que ás veces se resinten por razóns persoais. Quero establecer claramente cais son as responsabilidades de cada quen e, se é necesario, replantexar os horarios actuais para que os servizos ao centro melloren.

Relacións con primaria

É imprescindible manter unha relación máis intensa cos dous centros adscritos, o do Pindo e o de Carnota. Convén que no instituto coñezamos mellor o que se fai neles por moitas razóns: saber máis polo miúdo como veñen preparados os nosos futuros alumnos, detectar necesidades educativas especiais con suficiente antelación para poder aportar as medidas precisas, non programar actividades extraescolares que eles xa fixeran, etc. No sentido inverso, sería interesante que eles soubesen que carencias nos parecen máis graves a nós para que as pudesen tratar con maior detenimento ou tamén que lle pudesen transmitir ao noso futuro alumando e ás súas familias unha

mellor imaxe das expectativas que pode cumprir o instituto. Para isto cremos que será conveniente incluír estes temas nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica continuar a vincular o traballo do departamento de Orientación ás necesidades inter-centros.

Relación con outras institucións

Ainda que non existen actualmente creo que é conveniente establecer contactos, máis ou menos permanentes, cos Institutos de Muros e Cee, xa que parte do noso alumnado continuará a súa formación neles. Poderá facerse através da participación en torneos (de xadrez, deportivos, fotográficos, etc.) ou da organización de visitas semellantes ás que lles oferta o IES “Lamas de Castelo” aos seus colexios adscritos.

Co obxecto de paliar os efectos do “fracaso escolar”, proporei que se realicen visitas escolares a centros nos que se imparta unha formación profesional de ciclos medios e superiores que conecten coas inquietudes inmediatas do alumnado. Este feito contribuirá así a ampliar a súa visión sobre os seus estudos na ESO e introducirá un elemento de motivación que pode axudar a configurar obxectivos a medio prazo, dando tamén sentido aos seus estudos actuais.

Verei de intensificar as relacións coas empresas do contorno de maneira que non só visitemos as súas instalacións senón que os seus técnicos se poidan brindar a vir ao centro a explicar como funcionan e tamén que nos cedan materiais para montar exposicións ou usar no taller.

O Concello de Carnota deixou de colaborar co instituto nalgúns aspectos, como o coidado do xardín frontal e o uso do microbús do concello, pero mantén a oferta de actividades educativas. Cooperarei coas súas iniciativas para que redunden en beneficio do noso alumnado.

Principios educativos e organizativos. Liña educativa

O alumnado

Responsabilidade

A ser responsábel apréndese asumindo responsabilidades, igual que a respectar se aprende sendo respectado. Pretendo que, progresivamente, o alumando vai facéndose responsábel de levar adiante iniciativas. Para iso, impulsarei a súa participación nesas actividades especiais (festivais, ligas deportivas, “radio”, teatro, revista, páxina web) pero co obxectivo de que máis tarde sexan eles mesmos quen se organicen e as leven adiante, para o que contarán coa nosa confianza e apoio.

Atención individualizada

O feito de que o IES “Lamas de Castelo” conte cun número moi reducido de alumnado permite o coñecemento e atención dunha maneira máis individual. Creo necesario aproveitar aínda máis este feito através da función titorial e da atención á diversidade, xa que outras posibilidades, como por exemplo, a división dos grupos para as linguas, non é posíbel dado que só existe un profesor de segundo ciclo, ou a atención plena á diversidade mediante a impartición real de todas as optativas, dado que se requiren números mínimos para a creación dos grupos.

Representatividade e asociacionismo

Como director promoverei a participación do alumnado através da xunta de delegados e tamén mediante a súa inclusión na organización das distintas actividades. Facilitarei que se reúnan propoñendo a eliminación do artigo do Regulamento de Réxime Interno que require que teñen que pedirlle permiso a xefatura de estudos e proporei que se substitúa por unha simple solicitude dun local, que non se poderá denegar se non entorpece nengunha outra actividade.

Ademais das actividades preparatorias para a elección de delegados que se leven a cabo nas titorías, cada ano realizarase a comezos de curso unha sesión de formación dos representantes guiada polo departamento de Orientación. Nela profundarase nos dereitos e deberes do alumnado e dos seus representantes, explicaranse máis polo miúdo os mecanismos de decisión democrática nun centro educativo e introduciranse outros temas como a xestión de conflitos.

Facilitarei o debate de todo tipo e a intervención de sindicatos de estudantes e outras asociacións de fins semellantes facéndolle chegar á xunta de delegados toda a información da que teñamos noticia e promovendo que empreguen o taboleiro que se puxo á súa disposición para a súa publicidade. Os membros da xunta de delegados tamén poderán publicar no apartado dedicado ao alumnado na páxina web do instituto.

Actividades complementarias e extraescolares

As actividades que organicemos estarán motivadas por un interese pedagóxico e contribuirán a

unha formación mellor, ao goce das oportunidades e medios que pode ofertar o instituto e á motivación cara outros temas académicos.

Para min todas as actividades organizadas polo centro teñen un carácter pedagóxico. Unha directiva presente en todas as saídas do instituto será que nelas se introducirá un traballo de campo consistente, polo menos, na recollida de información e que ese traballo terá que reverter posteriormente en actividades de aula. Animarei a que os departamentos orienten ese traballo mediante a elaboración de cadernos de campo. Estimo que, se os alumnos se afán a esta técnica desde os primeiros anos, as saídas serán moito máis proveitosas. Todas as actividades deberían tamén ter o seu reflexo nas páxinas web do instituto.

Tense visto que o traballo desenvolto pola persoa responsábel do departamento de actividades complementarias e extraescolares é moi intenso. Porén, precisa de máis apoio por parte da dirección. De feito, en centros máis grandes correspóndelle á vicedirección, polo que posibelmente sexa conveniente convocala ás reunións semanais que ten a dirección.

Tentarei que en todos os cursos se celebre unha viaxe que implique pasar algunha noite fora. É moi bon para a convivencia, para a relación co profesorado e para a autonomía individual. Gustaríame poder fixar este tipo de actividades para cada curso, de maneira que cada ano se soubese que tipo de estancia se vai celebrar e poder así incluír a temática no currículo. Para un dos cursos tentarei procurar un intercambio escolar.

De entre as actividades polas que máis interese teño destaca o teatro. Non se ten intentado promover a constitución dun grupo de teatro apesar da relevancia que esta manifestación cultural ten no concello de Carnota. Con efecto, non hai celebración no concello que non vaia acompañada dunha representación teatral (no seu sentido amplo) e son moitos, moitos os nosos alumnos que participan nelas. Creo no alto valor pedagóxico que ten a dramaturxia e pretendo promover a representación de dúas obras curtas durante o próximo curso (posibelmente unha para fin de curso e outra para as xornadas culturais) e crear arredor delas un grupo de teatro escolar que poida aspirar a levar ao palco obras máis longas dentro de un ano ou dous. Padecemos, obviamente, a dificultade engadida de non contar cun salón de actos.

Continuaremos afianzando as xornadas culturais que se veñen celebrando no mes de maio, ao tempo que se manterán os tradicionais magosto e entroido. Empregaranse os tempos de recreo para propor actividades regulares de tipo lúdico, como se explica máis abaixo.

Promoveranse actividades de sendeirismo, excursións a lugares senlleiros da bisbarra, acampadas, etc.

Pretendo que as actividades complementarias e extraescolares, que son laboriosas de organizar,

rendan o máis posíbel e poidan ser aproveitadas por máis departamentos dos que as propoñen, para o que pode resultar útil anunciarlas con tempo e convidar aos departamentos a explotalas desde as súas áreas.

No que fai ás empresas do contorno, ademais de visitar as súas instalacións proporáselles que os técnicos se poidan brindar a vir ao centro a explicar os procesos que nelas se levan a cabo.

A lingua

Dado que a práctica totalidade do alumnado do centro é galego-falante e o profesorado exprésase habitualmente nesta lingua, a planificación lingüística non resulta especialmente problemática no noso centro. Mentres esperamos polos resultados que se obteñan durante os traballos de redacción do plan lingüístico do centro e polas súas conclusións, estimo que, no plano docente convén incidir na creación de materiais didácticos propios en galego e na posta en valor da lingua galega como vehículo de comunicación escrita, centrándose na corrección idiomática (ao tempo que se defenda a existencia e uso da variedade local) e no acceso ás novas tecnoloxías nesta lingua.

Formación permanente do profesorado

Unha das características da vida profesional do noso centro é o elevado número de profesores/as que participan en actividades de formación continuada dentro do propio instituto. Contouse cun bon número de grupos de traballo inscritos nos programas do Centro de Formación e Recursos dedicados a novos medios audiovisuais, a radio, a informática básica e páxinas web, ou a biblioteca, e destaca o proxecto de incorporación das TIC á docencia no que estamos desde o curso pasado.

Isto é mostra da existencia dunha vontade de participación e aprendizaxe entre o profesorado que estou interesadísimo en conservar e apoiar porque reverte moi positivamente en beneficio de toda a comunidade educativa.

Precisamente neste proxecto de incorporación das TIC puxemos en práctica un novo modelo de formación que chamamos “un a un”, e que consiste en descentralizar o coñecemento de maneira que cada profesor se converta en “especialista” nunha técnica ou programa concretos e que lla transmita a quen estea interesado individualmente. Pretendo estender isto ao resto do claustro.

Actividades que merecerán unha atención especial

A biblioteca e a animación á lectura

Nestes momentos hai un grupo de traballo dedicado á biblioteca e del parten moitas ideas que se irán pondo en práctica. Sería conveniente que este grupo de traballo tivese continuidade e que, do que é a organización da mesma se vaia pasando progresivamente ao deseño de actividades de animación á lectura. Logrouse algo nestes anos pero aínda é moito o que hai que facer.

Xa existe entre o alumnado a conciencia de que a biblioteca é un espazo diferenciado no que é preciso extremar o respecto polo traballo dos demais e afacerse a estar en silencio, pero aínda así haberá que reforzar ao profesorado que estexa de garda na biblioteca, pois este moitas veces está desbordado por ter que respostar consultas, tramitar os empréstimos, atender a alumnos propios que se presentan na biblioteca e, ademais, manter a orde. Insistirase en que o profesorado de garda pase pola biblioteca con esta función.

A biblioteca centralizará todas as adquisicións de libros e material multimedia e ampliaranse moito os fondos dispoñibles nas aulas (isto está motivado en parte polo espazo tan reducido de que dispón a biblioteca, mais tamén por provocar a convivencia do alumnado cos libros cando están nas aulas e fomentar a consulta ou o goce en si da lectura).

Potenciaranse as exposicións de libros, concursos de busca de información, actividades de aula na biblioteca, actividades na “radio”, fomentarase o empréstimo de libros, o “cruce de libros”, etc. procurándolles continuidade. Diseñarase un logo para a animación á lectura.

Crearase “puntos de lectura” polo centro con vitrinas abertas e expositores nos que se mostrarán as novidades, revistas, etc., como comezamos na cafetería durante o curso pasado.

Establecerase unha sesión de formación de usuarios a comezos de cada curso centrada na localización de obras e no procedemento de empréstimo dedicada especialmente ao alumnado dos primeiros cursos.

Fomentarase a lectura da prensa diaria na biblioteca e adquiriranse revistas máis atractivas para o alumnado.

Quixera abrir a biblioteca á comunidade, se ben temos o problema do horario, pois só a podemos ter aberta durante o recreo. Continuaremos facilitando o seu uso durante os períodos vacacionais.

O empréstimo dixitalizarase totalmente e explotarase as posibilidades da plataforma Meiga.

Continuarase publicando un boletín periódico de novidades, que terá a súa referencia fundamental na páxina web.

A radio

A programación da radio mellorou moito, especialmente no último ano, e prodúcense espazos moito mellores, nos que colaboran cada vez máis profesores. O grupo de alumnos está consolidado e as perspectivas son moi boas. A nivel técnico non é preciso adquirir nada novo e hai que centrarse na creación e difusión de programas traballando en cousas como a escrita de guións e a lectura. Promoverei que os distintos departamentos procuren a maneira de aproveitar este medio para procurar aprendizaxes máis significativas e contribuir así a motivar o alumnado; estes aprenderán as técnicas de programación en radio e mellorarán as producións escritas. Tentarase establecer unha rede de intercambios con outros centros educativos que teñan iniciativas semellantes.

Pódense ligar moitas das actividades do centro co traballo que se fai na radio; convén aproveitar máis este recurso.

Desde a instalación dun ordenador con conexión á Internet, este centraliza o traballo e está a substituír os medios analóxicos. Por coherencia, pasaremos a empregar software libre.

A existencia da páxina web permitiranos colocar programas feitos para que se poidan escoitar desde ela.

As novas tecnoloxías da información e a comunicación

A incorporación das TIC é un dos retos do período actual. A situación a nivel de medios e de formación do profesorado é aceptábel pero hai que impulsar a formación do profesorado na introdución das TIC na aula na docencia ordinaria, na utilización de plataformas de xestión de contidos e colaborativas como drupal, na creación de contidos didácticos e aplicacións para cada unha das áreas e, en particular, na creación de materiais e cursos para a “aula virtual” (moodle).

É preciso camiñar desde o concepto de “aula de informática” ao de “informática na aula”, integrando as novas tecnoloxías na docencia e aprendizaxe cotiás. Todas as aulas terán un ordenador conectado a un canón de proxección, algún sistema de “pantalla intelixente” e propiciarase que o alumnado poida empregar os ordenadores portátiles dispoñíbeis.

Tamén haberá que aumentar o número de ordenadores a disposición do profesorado porque os catro existentes actualmente na sala resultan poucos en moitos momentos.

Na entrada do centro instalarase unha pantalla informativa dixital. Nela aparecerán informacións e avisos, e tamén se poderá utilizar para mostrar vídeos de actividades do centro.

Nestes anos logrei estender o uso de aplicacións de software libre: OpenOffice.org é xa o único paquete de ofimática que se utiliza e agora habería que ir pasando a empregar o estándar de documentos ODF – para Firefox existe o atranco que supón o deseño feito para o Xade. Porén, pretendo substituír Windows por Linux en todos os ordenadores; hai varios que xa é o sistema

operativo que utiliza, o que demostra a súa viabilidade. Haberá que prever formación para o seu uso, que se baseará no noso sistema “un a un”.

Tamén se tentará instalar un servidor de contidos que dea servizo a todo o centro e, posibelmente, un servidor de aplicacións para a aula de informática. Os ordenadores da aula de informática prepararanse para que se poda converter nunha aula de idiomas.

A páxina web do centro constitúe un elemento fundamental e fomentárase a creación de contidos relacionados coas áreas didácticas, as actividades extraescolares, a biblioteca, as familias, o alumnado, etc. e en especial a “aula virtual” e a galería de imaxes.

Todo o alumnado deberá ter unha conta de correo que lle permita acceder aos contidos e servizos que se vaian incorporando. Para isto ofreceráselles esta posibilidade aos que están agora no centro e o impreso de matrícula do alumnado que chegue a primeiro irá acompañado doutro para solicitar esta conta no dominio eduxove.xunta.es. Comezaránselle a enviar notificacións, información sobre convocatorias, promocionando a lectura desde a biblioteca, etc. e permitindo o acceso aos servizos mediante a conta.

O recreo

O recreo pódese converter nunha parte máis do proceso formativo-educativo do noso alumnado. Constitúe un ámbito privilexiado de socialización no que se pode intervir, sen impoñer, para ofertar alternativas para o tempo de ocio. Trátase de promover a realización de actividades variadas e motivadoras que supoñan un engadido educativo ás clases normais e que teñan o efecto de “enganchar” a algúns alumnos.

Diferenciaremos entre as actividades “habituais” (biblioteca, radio e informática) e outras que programaremos con moita antelación ao longo do curso consistentes en recitais de poesía, campionatos de xogos tradicionais e de xogos de taboleiro, concertos musicais, etc. Tentaremos que se convertan en actividades practicamente regulares na súa celebración.

Administración e modelo de xestión

A información débese rexer polos criterios de control, publicidade e confidencialidade. Con relación ás reunións, pretendo prestarlle máis atención ao punto que recomenda que para preparalas mellor convén facilitar o material previamente ás reunións mediante a distribución de fotocopias ou, agora, do envío de correos electrónicos. Pretendo convocar todas as reunións cunha semana de antelación e acompañar as convocatorias de toda a información precisa.

Tamén informarei a todos os membros do claustro dos acordos e temas tratados en todas as reunións oficiais por medio de copias electrónicas das actas; as actas do consello escolar seguirán estando dispoñíbeis publicamente na páxina web e as dos órganos pedagóxicos para o profesorado. Cada comezo de curso redactarase un resumo das decisións tomadas durante o curso anterior.

Convocarei reunións coa xunta de delegados como as que o PEC recomenda ter co obxecto de informar da marcha do curso, comunicar a existencia de proxectos, recibir impresións e planificar actividades conxuntas e o obxectivo adicional de fomentar a participación e o asociacionismo.

Aumentarase o número de procedementos administrativos que se poidan xestionar electronicamente e diminuirán no posíbel as molestias. Por exemplo, o alumnado non deberá encher ano tras ano os mesmos datos nos impresos de matrícula, senón simplemente confirmar ou modificar os que xa temos.

No momento da matrícula, os pais ou mais dos alumnos deberán decidir se dan permiso para o uso de fotografías dos seus fillos.

Írase empregando máis o XADE para procedementos que aínda non se realizan con el ou están incompletos, como o inventario, o rexistro de entradas e saídas, as actas, etc.

Continuarase unificando os modelos para as programacións dos departamentos e as memorias. Unificaranse todos os documentos anuais nun documento único, que permita localizar mellor a información.

3 Avaliación

Os obxectivos enunciados neste proxecto son concretos, se ben non se especifica cal é a indicador cuantitativo que marca que se consideran cumpridos. Cada ano haberá unha avaliación que incluíra análises cuantitativas dentro da medida do posíbel, co fin de permitir certa medida de comparación. Xunto coa memoria anual realizarase unha avaliación do desempeño da dirección e do equipo docente baseados neste modelo:

OBXECTIVOS	Indicadores	Logros	Dificultades	Propostas	Grao de satisfacción
CONVIVENCIA	Resolución de conflitos				
	Disciplina				
PLANIFICACIÓN	Pedagóxica				
	Organizativa				
PARTICIPACIÓN	Alumnado				
	Profesorado				
	Familias				

Gardarase memoria de todas as actuacións para facilitar precisamente que se poida comprobar a evolución e en cada memoria procurárase enunciar claramente os fallos cometidos e propor recomendacións para o futuro. Esta memoria elaborárase mediante a suma das actas das reunións de coordinación semanais do equipo directivo, que se dividirán en temas de secretaría, de xefatura de estudos e de dirección e organizaranse en temas resoltos, temas pendentes e propostas.

O cronograma que resume as actuacións propostas neste proxecto servirá tamén como referencia pública do camiño que se vai ir percorrendo e, con seguridade, verá aumentar o número de proxectos conforme se vaian abrindo novas perspectivas e aparezan novas inquietudes.

4 Proxección temporal

ÁMBITO	ACTUACIÓNS	RESPONSÁBEIS	AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Instalacións e equipamento	Biblioteca	Secretaría, responsable da biblioteca	Comodidade obtida	Primeiro trimestre do 2008/09. Ordenadores novos: curso 2009/10
	Aulas	Secretaría	Utilidade dos medios	Curso 2008/09
	Ximnasio	Secretaría	Mellora	Material deportivo: 2008/09; chan: 2009/10
	Contorno	Dirección, secretaria Profesorado de ciencias/titores	Se resulta agradable. Se resulta gravoso para a economía. Se se ve coidado. Se prenden as árbores.	Contratación do mantemento: ano 2009 Árbores: cada inverno Limpeza: unha vez cada curso. Xardín frontal: curso 2008/09 Paneis solares: curso 2009/10
	Outros espazos 1. Reparacións 2. Murais	1. Secretaría 2. Dpto. de EPV	1. Rapidez ao subsanar os desperfectos 2. Resultado estético	1. Inmediatamente 2. Un mural cada ano
Liña metodolóxica	Información dos centros adscritos e detección de necesidades no centro	Departamento de Orientación	Grao de coñecemento das necesidades e relación cos centros	Especialmente cursos 2008/09 e seguinte para concretar os protocolos e documentos Relación continuada
	Plan de acollida	Departamento de Orientación	Grao de coñecemento das	Curso 2008/09

ÁMBITO	ACTUACIONES	RESPONSÁBEIS	AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
			necesidades e de integración do alumnado	
	Acción tutorial	Departamento de Orientación e tutorías	Nivel de coordinación; número de iniciativas que partan delas; resultados positivos no alumnado; reacción positiva das familias	Coordinación semanal de tutores e horas de tutoría na aula
	Atención á diversidade 1. Detección temperá de situacións 2. Coordinación entre equipo docente e co/a PT	1. Departamento de Orientación e tutores 2. Xefatura de estudos, departamento de Orientación e tutorías (incluída a de pendentos)	1. Avance na detección e rapidez na resposta pedagóxica 2. Adecuación do traballo realizado polo alumnado e avances observados	1. Primeiro mes de cada curso 2. Coa frecuencia necesaria
	Actualización do PEC	Dirección e todo o centro	Adecuación ás novas necesidades	No curso 2009/10 (cando a nova lexislación estea implantada e os planes e proxectos redactados e aplicándose
	Educación de xénero	Todo o profesorado	Redución de condutas sexistas	Actualización do PEC: curso 2008/09 Obradoiros todos os anos
	Gardas lectivas	Xefatura de estudos	Gardas cobertas sen problemas	A principios de cada curso

ÁMBITO	ACTUACIONES	RESPONSÁBEIS	AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
A comunidade escolar	10 aniversario	Dirección	Actividades programadas, asistencia e proxección social	Curso 2008/09
	AMPA Páxina web	Dirección, AMPA	Contidos creados, utilidade percibida polos usuarios	Curso 2008/09
	Familias 1. Escola de pais: ciclos de conferencias 2. Escola de pais: biblioteca de axuda 3. Xornada de recepción ás familias 4. Xornada de portas abertas	1. Orientación 2. Orientación e biblioteca 3. Orientación, titorías, dirección 4. Todo o centro, Extraescolares	1. Número de asistentes, número de sesións, cuestionarios 2. Consultas realizadas 3. Número de asistentes, temas tratados 4. Número de asistentes, folla de avaliación	1. Os segundos trimestres de cada curso (unhas catro sesións) 2. Primeiro trimestre de 2008/09 3. Dúas semanas despois de comezado o curso 4. Coincidindo coas xornadas culturais
	Outros institutos	Dirección, extraescolares	Iniciativas emprendidas	Terceiro trimestre de 2008/09
	Atención individualizada	Profesorado, titorías	Problemas resoltos	Permanente
	Alumnado 1. Formación 2. Participación no consello escolar 3. Páxina web	1. Departamento de Orientación 2. Dirección; representantes 3. Dirección	1. Mellora no desempeño, transmisión da información 2. Número de candidatos 3. Contidos creados, utilidade percibida polos usuarios	1. Semana seguinte á elección de delegados 2. Eleccións (2008 e 2010) 3. Curso 2008/09
	Grupo de teatro, club de lectura, grupos de música,...	Extraescolares, biblioteca	Número de actividades realizadas	Teatro: dúas obras cada curso A partir de 2008/09

ÁMBITO	ACTUACIONES	RESPONSÁBEIS	AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Biblioteca e animación á lectura	Centralización de adquisicións	Biblioteca	Rexistro e catalogación dos fondos novos	Curso 2008/09
	Formación de usuarios	Biblioteca	Axilidade en atopar os recursos	Principios de cada curso
	Puntos de lectura	Biblioteca	Número de usuarios	Curso 2008/09
	Dixitalización do empréstimo	Biblioteca, secretaría (xestión de contas)	Mellora no servizo	Segundo trimestre do 2008/09
Radio	Creación e formación de equipos	Radio	Número de participantes, calidade dos programas	Primeiro trimestre de cada curso
	Paso a software libre	Radio	Substitución de software privativo	Cursos 2009/10 e 2010/11
TIC	Creación de cursos na “aula virtual”	Departamentos	Número de cursos, contidos, e acceso do alumnado	Deseños iniciais: curso 2008/09 Uso habitual: curso 2010/11
	Dotación ás aulas	Secretaría	Especialmente, facilidade de uso	Curso 2008/09
	Novos ordenadores	Secretaría	Posibilidades de uso inmediato	Servidor de contidos: curso 2009/10 Servidor de aplicacións: curso 2010/11 Na sala de profes: Curso 2009/10
	Pantalla informativa	Dirección	Visibilidade da información	Curso 2008/09 cunha pantalla pequena. 2010 con pantalla grande

ÁMBITO	ACTUACIONES	RESPONSÁBEIS	AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
	Tránsito ao software libre	Dirección	Posibilidade de prescindir do software privativo	Formatos libres: curso 2009/10 Linux: Curso 2010/11
Recreo	Oferta de actividades	Extraescolares, Educación Física	Participación	Primeiras no curso 2008/09 Deseño para todo o curso desde o 2009/10

Carnota, a 10 de marzo de 2008